

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019402	Pazo da Mercé	Neves (As)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
AM3009	Ciencias aplicadas I	2023/2024	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL LAMEIRO PIÑÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal e como se establece no propio currículo deste ciclo a competencia xeral do título profesional básico en Informática de Oficina consiste en realizar operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos, periféricos e redes de comunicacións de datos, e de tratamento, reprodución e arquivamento de documentos, operando coa calidade indicada e en condicións de seguridade e de protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

Nesta formación cobra non pouca relevancia o módulo de Ciencias Aplicadas I, do que nos ocupamos, xa que é o seu obxectivo fundamental posibilitar nestes alumnos, durante anos alleos aos aprendizaxes teóricos, destrezas básicas fundamentais para esa formación así como para a súa posterior integración nos tecidos laborais e empresariais da nosa sociedade. Reclámase ademais por parte dos restantes profesores o reforzo das súas capacidades de comprensión e expresión, moi limitadas na meirande parte dos casos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe											
					300999											
					RA1	RA10	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	RA8	RA9		
1	Os números	Clasificación. Sistema de numeración decimal. Representación y ordenación de números. Suma, resta, multiplicación e división de números naturais. Xerarquía das operacións. Representación gráfica e ordenación de números enteiros. Valor absoluto. Oposto dun número enteiro. Suma, resta, multiplicación e división de números enteiros. Tipos de números decimais. Paso dunha fracción a nº decimal. Aproximación por redondeo de números decimais. Operacións con números decimais. Fraccións. Representación e ordenación de números reais. Operacións e problemas con fraccións. <u>Notación científica</u>	50	24			X									
2	Razóns e proporcións	Magnitudes proporcionais. Porcentaxes. Proporcionalidade (direta e inversa). IVE. Interés, comisións, gastos. Interés simple e composto.	18	7			X									
3	Linguaxe alxébrica	Expresións alxebraicas. Valor numérico dunha expresión alxebraica. Formulas. Transformación de expresións alxebraicas. <u>Igualdades notables. Ecuacións</u>	20	8						X						
4	Xeometría	Perímetros e áreas de figuras planas. Formas xeométricas de dúas e tres dimensións.	18	7				X	X							
5	Estatística	Estudos estatísticos. Táboas de frecuencia. Gráficas estatísticas. Media, moda e mediana. Cálculo no ordenador dos parámetros estatísticos.	12	6							X					
6	O traballo científico	Normas xerais de traballo no laboratorio. Normas de seguridade. Material de laboratorio. O método científico. Magnitude e unidades. A medida. Conversións. Grao de precisión na medida. Cálculos de perímetros e áreas en figuras planas. Resolución de problemas de perímetros e áreas na resolución de problemas. <u>Escalas</u>	20	10	X	X										
7	A materia	Composición e cambios dos sistemas materiais. Teoría cinético-molecular. Composición da materia. Formulación e nomenclatura IUPAC. Cambios nos sistemas materiais. <u>Reaccións químicas. Experimentación cos sistemas materiais.</u>	20	10								X				
8	A enerxía	Energía eléctrica. Tipos. Propiedades. A enerxía na vida cotiá. Transformacións da enerxía. Fontes de enerxía. A factura da luz. Orixe da enerxía eléctrica que consumimos. Medidas de <u>aforro enerxético.</u>	20	10										X		
9	O corpo humano	Anatomía e fisioloxía dos aparatos implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. A nutrición. Aparato dixestivo. Aparato respiratorio. Aparato circulatorio. Aparato excretor. O sistema inmunitario. O sistema nervioso. Os órganos dos sentidos. Cambios na puberdade. Aparato reproductor feminino. Aparato reproductor masculino. Sexualidade humana. Enfermidades de transmisión sexual. Métodos anticonceptivos. Saúde e doenzas. Hábitos saudables. Sistema inmune. Doenzas infecciosas. Prevención, superación e tratamentos ante enfermidades. Uso responsable de antibióticos. <u>Vacinas</u>	32	18												X
Total:			210													

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os números	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Resolve problemas en contextos cotiáns interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Achar as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas 1.3 Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado 1.1 Organizar e comunicar información científica e matemática de forma verbal, gráfica e numérica 1.4 Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	1	Números e operacións	35,0
2.1 Analizar e interpretar información científica e matemática na vida cotiá 2.2 Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada	2	Os números no meu entorno	15,0
TOTAL			50

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas	S	20
CA2.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.2 - Resolución de problemas	S	20
CA2.3 Comprobase a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado	● PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións	S	15
CA2.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas	N	5
CA2.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado	● PE.4 - Organización e comunicación de información matemática	S	20
CA2.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● PE.5 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá	S	20
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos

Contidos

Números e operacións. Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais. Representación e ordenación de números na recta numérica. Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos. Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou Utilización da contaxe para resolver problemas da vida cotiá e profesional, adaptando a estratexia e o tipo de contaxe ao tamaño dos números.

Interpretación de números grandes e pequenos. Recoñecemento da notación científica. Orde de magnitude. Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica.

Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Números e operacións - Operacións combinadas con números naturais, enteiros, decimais e racionais e aplicalas á resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballos. Explicacións teóricas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver exercicios e problemas. Atención á introdución, exposición, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD realizadas polo profesorado e resolución das propostas de realización de exercicios/traballos; así como a realización de preguntas aclaratorias de selo caso. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios e problemas e proba escrita. Saberes e competencias de aspectos relacionados coa UD e recopilación de exercicios/traballos/ autoevaluación. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas PE.2 - Resolución de problemas PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións PE.4 - Organización e comunicación de información matemática 	35,0
Os números no meu entorno - Resolución de problemas cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación de situacións problema na vida cotiá e explicación teórica. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver as situacións dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución das situacións problema e proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas PE.5 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá 	15,0
TOTAL						50,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Razóns e proporcións	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Resolve problemas en contextos cotiáns interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Organizar e comunicar información científica e matemática de forma verbal, gráfica e numérica 1.2 Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dun problema 1.3 Achar as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas 1.4 Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado 1.5 Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións 1.6 Analizar e interpretar información científica e matemática na vida cotiá	1	Proporcionalidade	18,0
TOTAL			18

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas	S	20
CA2.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.2 - Resolución de problemas	S	20
CA2.3 Comprobase a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado	● PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións	S	15
CA2.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas	N	5
CA2.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.4 - Organización e comunicación de información matemática	S	20
CA2.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● PE.5 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá	S	20
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.

Contidos
Relacións de proporcionalidade directa e inversa. Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa. Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado. Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas, etc. Porcentaxes. Comprensión e uso en diferentes contextos. Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns e profesionais, como rebaixas, descontos, impostos, taxas, etc. Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns e profesionais.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proporcionalidade - Relacións de proporcionalidade directa e inversa, porcentaxes e resolución de problemas..	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballos. Explicación teórica. 	<ul style="list-style-type: none"> Atención á introdución, exposición, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD realizadas polo profesorado e resolución das propostas de realización de exercicios/traballos; así como a realización de preguntas aclaratorias de selo caso. Resolver exercicios e problemas 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios e problemas e proba escrita. Saberes e competencias de aspectos relacionados coa UD e recopilación de exercicios/traballos/ autoevaluación. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas PE.2 - Resolución de problemas PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións PE.4 - Organización e comunicación de información matemática PE.5 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá 	18,0
TOTAL						18,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Linguaxe alxébrica	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Usa a linguaxe alxébrica e as relacións lineais para resolver problemas sinxelos, comprobando a corrección e a coherencia das solucións atopadas	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas 1.2 Achar as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas 1.3 Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado 1.4 Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións 1.5 Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	1	Expresións alxébricas	15,0
2.1 Organizar e comunicar información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	2	Funcións lineais	5,0
TOTAL			20

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas	S	20
CA5.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.2 - Atopar as solucións dun problema	S	30
CA5.3 Comprobase a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado	● PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións	S	15
CA5.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas	S	5
CA5.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.4 - Organización e comunicación de información matemática de maneira verbal, gráfica e numérica	S	20
CA5.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● PE.5 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá	S	10
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos

Contidos
Padróns e sucesións. Identificación de estruturas numéricas e gráficas. Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas, etc. Linguaxe alxébrica. Comprensión do concepto de variable. Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. Uso de ferramentas Relacións e funcións. Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica. Estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de seren analizados utilizando programas e outras ferramentas.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Expresións alxébricas - Aplicación da linguaxe alxébrica. Expresións alxébricas de primeiro grao. Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións lineais.	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballo. Explicación teórica. 	<ul style="list-style-type: none"> Atención á introdución, exposición, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD realizadas polo profesorado e resolución das propostas de realización de exercicios/traballo; así como a realización de preguntas aclaratorias de selo caso. Resolver exercicios e problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios e problemas e proba escrita. Saberes e competencias de aspectos relacionados coa UD e recopilación de exercicios/traballo/ autoevaluación. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra ordinaria e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas PE.2 - Atopar as solucións dun problema PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións PE.4 - Organización e comunicación de información matemática de maneira verbal, gráfica e numérica PE.5 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá 	15,0
Funcións lineais - Representación e interpretación de relacións lineais mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballo. Explicación teórica. 	<ul style="list-style-type: none"> Atención á introdución, exposición, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD realizadas polo profesorado e resolución das propostas de realización de exercicios/traballo; así como a realización de preguntas aclaratorias de selo caso. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios e problemas e proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra ordinaria e dixital 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas PE.3 - Comprobación da corrección e coherencia das solucións PE.4 - Organización e comunicación de información matemática de maneira verbal, gráfica e numérica 	5,0
TOTAL						20,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xeometría	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza medidas e estimacións en figuras planas, usando as ferramentas necesarias e adaptando a estratexia e o grao de precisión ao contexto	SI
RA4 - Identifica e constrúe con ferramentas dixitais figuras de dúas e tres dimensións, e coñece as súas características principais	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Achar as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas 1.2 Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica 1.3 Aplicar procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais	1	Figuras planas	9,0
2.1 Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas 2.2 Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións 2.3 Organizar e comunicar información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	2	Xeometría no espazo	9,0
TOTAL			18

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas	● PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas	S	30
CA3.2 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● LC.1 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá	N	5
CA3.3 Aplicáronse procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais	● PE.2 - Aplicación de procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas	S	30
CA4.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas	● LC.2 - Elaboración de representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dun problema	N	5
CA4.2 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● LC.3 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas	S	5
CA4.3 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.3 - Organización e comunicación de información matemática	S	25
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Estimación, relacións e conversións. Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida.
Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.
Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas.
Formas xeométricas de dúas e tres dimensións. Descrición de figuras planas e tridimensionais, e os seus elementos característicos. Clasificación das formas xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características. Construción de formas xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Figuras planas - Cálculo de perímetros e áreas de figuras planas	<ul style="list-style-type: none"> Explicación teórica. Propostas de utilización de recursos TIC 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver exercicios e problemas. Utilización de recursos TIC segundo as indicacións do profesorado. Utilización de recursos TIC segundo as indicacións do profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios e problemas. Proba escrita Habilidades e destrezas no manexo das TIC 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra ordinaria e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Análise e interpretación de información matemática na vida cotiá PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas PE.2 - Aplicación de procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas 	9,0
Xeometría no espazo - Descrición e caracterización de formas xeométricas. Coordenadas cartesianas	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballo. Explicación teórica. Propostas de utilización de recursos TIC. Presentación de ferramentas tecnolóxicas para representar formas xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver exercicios e problemas. Utilización de recursos TIC segundo as indicacións do profesorado. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para representar formas xeométricas 	<ul style="list-style-type: none"> Representación de formas xeométricas con ferramentas tecnolóxicas Habilidades e destrezas no manexo das TIC Resolución de exercicios e problemas. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra ordinaria e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Elaboración de representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dun problema LC.3 - Uso de ferramentas tecnolóxicas adecuadas PE.3 - Organización e comunicación de información matemática 	9,0
TOTAL						18,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Estatística	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Organiza e analiza información estatística usando ferramentas tecnolóxicas, e comunica os resultados de xeito claro e rigoroso	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Achar as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas 1.2 Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	1	Poboación estatística	6,0
2.1 Organizar e comunicar información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado 2.2 Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	2	Táboas e gráficos estatísticos	6,0
TOTAL			12

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas	● PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas	S	50
CA6.2 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións	● LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas axeitadas	S	5
CA6.3 Organízouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado	● PE.2 - Organización e comunicación de información científica e matemática de maneira verbal, gráfica e numérica	S	25
CA6.4 Analízouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica	● PE.3 - Análise e interpretación de información científica e matemática na vida cotiá	S	20
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Características dunha poboación. Formulación de preguntas adecuadas. Estratexias de recollida de datos. Organización dos datos: frecuencias e táboas de frecuencia. Medidas de centralización e dispersión. Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión. Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, apps, etc.). Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables estatísticas en contextos cotiáns.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Poboación estatística - Características. Recollida e organización de datos. Medidas de centralización e dispersión.	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballos. Explicación teórica. Propostas de utilización de recursos TIC 	<ul style="list-style-type: none"> Atención á introdución, exposición, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD realizadas polo profesorado e resolución das propostas de realización de exercicios/traballos; así como a realización de preguntas aclaratorias de selo caso. Utilización de recursos TIC segundo as indicacións do profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios e problemas e proba escrita. Habilidades e destrezas no manexo das TIC 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, caderno, fichas e pizarra ordinaria e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Uso de ferramentas tecnolóxicas axeitadas PE.1 - Organización de datos e estratexias de resolución de problemas 	6,0
Táboas e gráficos estatísticos - Elaboración de representacións gráficas. Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos.	<ul style="list-style-type: none"> Introdución, exposicións, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD e proposta de realización de exercicios/traballos. Explicación teórica. Propostas de utilización de recursos TIC 	<ul style="list-style-type: none"> Atención á introdución, exposición, explicacións ou aclaracións sobre aspectos relacionados cos contidos da UD realizadas polo profesorado e resolución das propostas de realización de exercicios/traballos; así como a realización de preguntas aclaratorias de selo caso. Utilización de recursos TIC segundo as indicacións do profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración e interpretación de táboas e gráficos estatísticos. Habilidades e destrezas no manexo das TIC 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador (aplicacións informáticas), libro, caderno, fichas e pizarra ordinaria e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Organización e comunicación de información científica e matemática de maneira verbal, gráfica e numérica PE.3 - Análise e interpretación de información científica e matemática na vida cotiá 	6,0
TOTAL						12,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O traballo científico	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais	SI
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aplicar o método científico para explicar fenómenos naturais 1.2 Diseñar e realizar experimentos no medio natural ou no laboratorio sobre fenómenos naturais 1.3 Organizar e comunicar información científica de forma verbal, gráfica e numérica 1.4 Desenvolver un autoconcepto positivo ante as ciencias, asumindo o erro como unha oportunidade de mellora 1.5 Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor dos homes e mulleres que se dedican á investigación	1	Como traballan os científicos?	10,0
2.1 Emprender proxectos científicos colaborativos de forma guiada e coa metodoloxía axeitada 2.2 Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión 2.3 Interpretar os resultados obtidos nun proxecto de investigación mediante o razoamento e o uso de ferramentas matemáticas e tecnolóxicas 2.4 Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables de información científica	2	O proxecto científico	10,0
TOTAL			20

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Expúxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles	● LC.1 - Aplicación do método científico para explicar fenómenos naturais	S	10
CA1.2 Diseñáronse e realizáronse experimentos e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, as ferramentas ou as técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese	● LC.2 - Realización de experimentos no medio natural ou no laboratorio	S	5
CA1.3 Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas	● LC.3 - Interpretación de resultados nun proxecto de investigación	S	5
CA1.4 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado	● PE.1 - Comunicación de información científica de forma verbal, gráfica e numérica	S	25
CA1.5 Empregáronse e citáronse de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e na creación de contidos, e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva	● LC.4 - Utilización de fontes fiables de información científica e citas de forma adecuada	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
